



**ACTA XUNTA DE GOBERNO**  
**SESIÓN ORDINARIA DE NOVE DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E UN**  
**(ACTA NÚMERO 13)**

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres. Deputados:**

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. José Luís Raposo Magdalena

**Secretaria:**

D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **nove de abril de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen-se as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a Sra. Deputada dona Mónica Freire Rancaño e o Sr. Deputado don Xosé María Arias Fernández.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SEIS DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E UN.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de marzo de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

### **2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS CO OBXECTO DE PROCEDER Á CONTRATACIÓN POR LOTES DOS SERVIZOS DE TERMALISMO DERIVADOS DO PROGRAMA DE ENVELLECIMENTO ACTIVO LUGO TERMAL.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación por lotes do servizo de tratamentos/ técnicas termais para o desenvolvemento do programa de envellecemento activo Lugo Termal, consta no mesmo:

Programa de envellecemento activo Lugo Termal, aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión realizada o 18.03.2021.

Proposta de inicio de expediente de contratación con CSV: IV7HYCIOIH7NXSZK3TXVHZDQEY.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7HYPSKJ7W3R6UMTTVS6FRSIQ.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7HYHY5ZJVMTT62CI5M6JJBOU.



Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7H2MCDL57C3FM74MPN4APRIE.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7H2MJIBIHKT3EY654V4ZBEKY.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7H2MIN3FJKVTHS6XXN6F2OOU.

Informe de fiscalización previa, con CSV: IV7H3TYJHAUC7JO4ABOSCNPBC4.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a contratación dividida por lotes do servizo de tratamentos/ técnicas termais para o desenvolvemento do programa de envellecemento activo Lugothermal.

LOTES	PRAZAS CON ESTANCIA	PRAZAS SEN ESTANCIA
LOTE 1 BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO	100	100
LOTE 2 BALNEARIO DE RIO PAMBRE	200	50
LOTE 3 HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS	700	50

**2º.-** Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e celeridade na contratación do servizo.

**3º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade con pluralidade de criterios, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a 2º, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2

da LCSP (sobre aspectos económicos e técnicos que han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite a a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse os convites aos licitadores que se indican a continuación.

LICITADORES
LOTE 1 BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO
LOTE 2 BALNEARIO DE RIO PAMBRE
LOTE 3 HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 55.000,00 €, ao que se aplicará un IVE (10%) de 5.500,00 € o que fai un total de 60.500,00 €.

O importe do contrato ascende a 60.500,00 €, IVE engadido, e financiase de acordo as seguintes anualidades:

ANUALIDADE	APLICACION	IMPORTE	RC
2021	2314.22799	57.475,00	22021/5875
2022	2314.22799	3.025,00	220219/111
		60.500,00	

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 57.475,00 €, para a anualidade 2021.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

Os gastos plurianuais está sometidos ás limitacións establecidas no art. 174 do R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 79 a 88 do Decreto 500/1990 de 20 de abril, e régulanse na base nº 19 de execución do Orzamento xeral vixente, dos que se deducen os seguintes requisitos:



1. A execución do gasto debe iniciarse no propio exercicio.
2. As anualidades non excederán de 4 anos.
3. Contratos que non poden ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.

Cúmprense os requisitos 2º e 3º e esta previsto que o gasto se inicie no presente exercicio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN, DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS APARATOS ELEVADORES DOS DISTINTOS EDIFICIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, así coma o informe complementario, nos que se conteñen os seguintes extremos:

“Antecedentes

Acordo da Xunta de Goberno, de data 21 de setembro de 2018, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 14 de decembro de 2018, polo que se acorda a adxudicación da contratación a Thyssenkrupp Elevadores, SLU.

Sinatura do contrato con data 27 de decembro de 2018.

Acta de inicio que establece a data de comezo da prestación o 1 de xaneiro de 2019.

Acordo de modificación, con CSV IV6QWOP6NUN6IWRTANMU6RKAD4, de 28 de xuño de 2019 paraincluír a plataforma elevadora instalada no edificio Santo Ángel.

Contrato modificado asinado con data 16 de xullo de 2019, con CSV IV6QSUDIHMJSUT4CCQUACB3GN4.

Acta de inicio do contrato modificado, con data 16 de xullo de 2019.

Decreto con CSV IV7GGXI2JAOMZDX42YPT45I66M, de data 28 de decembro de 2020, polo que se aproba a prórroga ata o 31 de decembro de 2022.

Acordos sobre a integración da actividade de SUPLUSA, na Deputación Provincial e aextinción da mesma (acordo do pleno provincial de data 30/11/2020).

Informe do Servizo de Arquitectura, con CSV IV7HYCLPJJWTLGGKDQHBDZSG4A, de data 23 de marzo de 2021.

#### Lexislación aplicable

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

#### Consideracións xurídicas

O PCAP reitor desta licitación, recolle na cláusula vixésimo cuarta, referida a modificación do contrato o seguinte: “Non se prevé a modificación contractual na documentación que rexe a licitación de acordo co establecido no artigo 203 da LCSP.



O contrato poderase modificar por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas debidamente xustificadas nos supostos previstos no artigo 205 LCSP.

Non se prevé a cesión do contrato, como modificación subxectiva do mesmo “ex” Artigo 214 LCSP”.

A LCSP, no seu artigo 205, regula as modificacións de contrato non previstas na documentación que rexe a licitación, como é o caso:

“Artículo 205. Modificaciones no previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares: prestaciones adicionales, circunstancias imprevisibles y modificaciones no sustanciales.

1. Las modificaciones no previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares o que, habiendo sido previstas, no se ajusten a lo establecido en el artículo anterior, solo podrán realizarse cuando la modificación en cuestión cumpla los siguientes requisitos:

a) Que encuentre su justificación en alguno de los supuestos que se relacionan en el apartado segundo de este artículo.

b) Que se limite a introducir las variaciones estrictamente indispensables para responder a la causa objetiva que la haga necesaria.

2. Los supuestos que eventualmente podrían justificar una modificación no prevista, siempre y cuando esta cumpla todos los requisitos recogidos en el apartado primero de este artículo, son los siguientes:

a) Cuando deviniera necesario añadir obras, suministros o servicios adicionales a los inicialmente contratados, siempre y cuando se den los dos requisitos siguientes:

1°. Que el cambio de contratista no fuera posible por razones de tipo económico o técnico, por ejemplo que obligara al órgano de contratación a adquirir obras, servicios o suministros con características técnicas diferentes a los inicialmente contratados, cuando estas diferencias den lugar a incompatibilidades o a dificultades técnicas de uso o de mantenimiento que resulten desproporcionadas; y, asimismo, que el cambio de contratista generara inconvenientes significativos o un aumento sustancial de costes para el órgano de contratación.

En ningún caso se considerará un inconveniente significativo la necesidad de celebrar una nueva licitación para permitir el cambio de contratista.

2°. Que la modificación del contrato implique una alteración en su cuantía que no exceda, aislada o conjuntamente con otras modificaciones acordadas conforme a este artículo, del 50 por ciento de su precio inicial, IVA excluido.

b) Cuando la necesidad de modificar un contrato vigente se derive de circunstancias sobrevenidas y que fueran imprevisibles en el momento en que tuvo lugar la licitación del contrato, siempre y cuando se cumplan las tres condiciones siguientes:

1°. Que la necesidad de la modificación se derive de circunstancias que una Administración diligente no hubiera podido prever.

2°. Que la modificación no altere la naturaleza global del contrato.

3°. Que la modificación del contrato implique una alteración en su cuantía que no exceda, aislada o conjuntamente con otras modificaciones acordadas conforme a este artículo, del 50 por ciento de su precio inicial, IVA excluido.

c) Cuando las modificaciones no sean sustanciales. En este caso se tendrá que justificar especialmente la necesidad de las mismas, indicando las razones por las que esas prestaciones no se incluyeron en el contrato inicial.





Una modificación de un contrato se considerará sustancial cuando tenga como resultado un contrato de naturaleza materialmente diferente al celebrado en un principio. En cualquier caso, una modificación se considerará sustancial cuando se cumpla una o varias de las condiciones siguientes:

1º. Que la modificación introduzca condiciones que, de haber figurado en el procedimiento de contratación inicial, habrían permitido la selección de candidatos distintos de los seleccionados inicialmente o la aceptación de una oferta distinta a la aceptada inicialmente o habrían atraído a más participantes en el procedimiento de contratación.

En todo caso se considerará que se da el supuesto previsto en el párrafo anterior cuando la obra o el servicio resultantes del proyecto original o del pliego, respectivamente, más la modificación que se pretenda, requieran de una clasificación del contratista diferente a la que, en su caso, se exigió en el procedimiento de licitación original.

2º. Que la modificación altere el equilibrio económico del contrato en beneficio del contratista de una manera que no estaba prevista en el contrato inicial.

En todo caso se considerará que se da el supuesto previsto en el párrafo anterior cuando, como consecuencia de la modificación que se pretenda realizar, se introducirían unidades de obra nuevas cuyo importe representaría más del 50 por ciento del presupuesto inicial del contrato.

3º. Que la modificación amplíe de forma importante el ámbito del contrato.

En todo caso se considerará que se da el supuesto previsto en el párrafo anterior cuando:

i) El valor de la modificación suponga una alteración en la cuantía del contrato que exceda, aislada o conjuntamente, del 15 por ciento del precio inicial del mismo, IVA excluido, si se trata del contrato de obras o de un 10 por ciento, IVA excluido, cuando se refiera a los

demás contratos, o bien que supere el umbral que en función del tipo de contrato resulte de aplicación de entre los señalados en los artículos 20 a 23.

ii) Las obras, servicios o suministros objeto de modificación se hallen dentro del ámbito de otro contrato, actual o futuro, siempre que se haya iniciado la tramitación del expediente de contratación.”

Con data 23 de marzo de 2021, Dona Mónica Marras Mosquera, Xefa do Servizo de Arquitectura e responsable do contrato, solicita que, por parte do Servizo de Contratación, se proceda a realizar os trámites correspondentes para levar a cabo a modificación desta contratación, co seguinte argumento:

“El Pleno de la Diputación Provincial, en sesión extraordinaria de fecha 30 de noviembre de 2020, acuerda la extinción de la Sociedad Urbanística Provincial de Lugo y la incorporación al Inventario Provincial de los bienes de la citada sociedad.

Entre estos bienes se encuentra el edificio sito en la plaza San Marcos nº 11, antigua sede de la extinta Sociedad Urbanística Provincial de Lugo (SUPLUSA). En este edificio está instalado un ascensor de marca Thyssenkrupp, con 6 paradas y para una carga de hasta 450 kg. Para el normal funcionamiento, conforme a la normativa vigente en materia de aparatos elevadores, se ha de contratar con empresa conservadora autorizada el servicio de mantenimiento del ascensor. En particular, y más concretamente, el titular de la instalación ha de contar con el contrato de mantenimiento con una empresa autorizada que cumpla los requisitos del apartado 6 del Real Decreto 88/2013 por el que se aprueba la "Nueva Instrucción técnica complementaria (ITC) AEM 1 “ascensores” del reglamento de aparatos de elevación y manutención, aprobado por el R.D. 2291/1985. Todo ello cumpliendo los plazos y siguiendo los requisitos establecidos por el artículo 5 de la citada normativa.

De hecho, en cumplimiento de esta y otras normativas, esta Entidad tiene suscrito un "contrato de mantenimiento de los aparatos elevadores instalados en los distintos edificios pertenecientes a la Diputación Provincial de Lugo, con la empresa Thyssenkrupp Elevadores SLU, por un precio total de 5.388,00 euros, a los que habría que añadir 1.131,48 euros en concepto de



IVA, lo que asciende a un total de 6.519,48 euros, por un plazo máximo de dos años, prorrogable por dos más.

La prestación del servicio se inició, tras la firma del contrato, el 1 de enero de 2019 como se recoge en el Acta de aceptación y comienzo del servicio, y con fecha 28 de diciembre de 2020 se aprueba la prórroga de dos años del contrato, por lo que estará en vigor hasta el próximo 31 de diciembre de 2.022.

Este contrato fue modificado en sesión ordinaria de la Junta de Gobierno de fecha 28 de junio de 2019 con el fin de incluir en él el mantenimiento de la plataforma elevadora instalada en el edificio que alberga la Escuela de Imagen y Sonido. El coste anual de esta nueva prestación asciende a un total de 300 € por año, lo que supuso una variación sobre el importe anual contratado de un 11,14%.

El contrato de mantenimiento de los aparatos elevadores fija el precio para los ascensores instalados en el Palacio Provincial, Museo Provincial y Escuela de Imagen y Sonido, en 745,08 € (IVA incluido) por unidad y año.

Teniendo en cuenta las características de los ascensores mencionados y del ascensor instalado en el edificio de la Praza San Marcos nº 11, al incluir este último en el contrato de servicios para el mantenimiento de los aparatos elevadores de los distintos edificios de la Diputación Provincial de Lugo, el precio para su mantenimiento debe de ser el mismo que el fijado para los otros ascensores.

Por lo que, el coste del mantenimiento del ascensor, tomando como fecha de incorporación al contrato el día 1 de marzo de 2021 y hasta la finalización de este, se detalla en el siguiente cuadro:

PERIODO	PRECIO SIN IVA	PRECIO CON IVA
2021 (de 1-5-21 a 31-12-21)	410,51 €	496,72 €
2022 (de 1-1-22 a 31-12-22)	615,77 €	745,08 €
TOTAL	1.026,28 €	1.241,80 €

El importe del mantenimiento del ascensor para el periodo ofertado supone un porcentaje sobre el importe anual total del contrato inicial que se recoge en el siguiente cuadro:

APARATO ELEVADOR	IMPORTE ANUAL CONTRATO ADJUDICADO (excluido IVA)	COSTE ANUAL del mantenimiento del ascensor no incluido en el contrato (excluido IVA)	VARIACION SOBRE EL TOTAL ANUAL CONTRATADO
	2.694,00 €	615,77 €	22,86 %

Teniendo en cuenta los antecedentes expuestos y teniendo en cuenta lo establecido por la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de contratos do sector público (LCSP), se emite el siguiente informe:

El artículo 205 de la LSCP permite las modificaciones de los contratos que no estaban previstas en el pliego de clausulas administrativas o que aun estando previstas no reúnen las condiciones exigidas en el artículo 204 de la citada Ley siempre que se limite a introducir las variaciones estrictamente indispensables para responder a la causa objetiva que la haga necesaria y que encuentre sus justificación en alguno de los supuestos que se relacionan en el apartado dos del artículo, que se transcriben a continuación,(...)

La necesidad de la modificación del contrato surge porque la Diputación tiene la necesidad por circunstancias sobrevenidas, tales como la incorporación de la gestión del mantenimiento de un nuevo edificio, de contratar el mantenimiento técnico legal obligatorio de un nuevo ascensor cuyo funcionamiento dependía de otra entidad hasta la actualidad. En todo caso, la modificación no altera la naturaleza global del contrato y no excede del 50% del precio inicial, IVA excluido.

La modificación de la cuantía del contrato, tal y como se ha expresado en los cuadros del apartado de antecedentes es del 22,86 %. Y al mismo tiempo, la modificación del contrato mencionada en el sexto párrafo de los antecedentes y aprobada en sesión ordinaria de la Junta de Gobierno de fecha 28 de junio de 2019 con el fin de incluir en él el mantenimiento de la plataforma



elevadora instalada en el edificio que alberga la Escuela de Imagen y Sonido, supuso una variación sobre el importe anual contratado de un 11,14%. Por lo que la suma de los importes de las dos modificaciones supone un porcentaje del 34 %, inferior por tanto al 50%.

A la vista de todo lo informado el Servicio de Arquitectura realiza la siguiente

Propuesta:

Tramitar la modificación del contrato adjudicado a Thyssenkrupp Elevadores SLU para el mantenimiento de los aparatos elevadores instalados en los distintos edificios pertenecientes a la Diputación Provincial de Lugo para incluir esta prestación en:

Ascensor instalado en el edificio sede de la extinta Sociedad Urbanística Provincial de Lugo (SUPLUSA), sito en Praza San Marcos nº 11. Lugo”

En aplicación de lo previsto en el Art. 205.2 b) de la LCSP la modificación del contrato deriva de circunstancias imprevisibles en el momento de la licitación, a una modificación que no altera la naturaleza del contrato, ni supera el 50 % del precio inicial IVA excluido.

Este presupuesto fáctico encaja con lo previsto en el art. 205.2, letra b):

“b) Cuando a necesidad de modificar un contrato vigente derive de circunstancias sobrevinidas e que fosen imprevisibles en el momento en que tuvo lugar la licitación del contrato, a condición de que se cumplan las tres condiciones siguientes:

1º. Que la necesidad de la modificación derive de circunstancias que una Administración diligente no pudiese prever.

2º. Que la modificación no altere la naturaleza global del contrato.

3º. Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE/ IVE excluído.”

Entendemos que concorren tanto o presuposto habilitante, como as condicións fixadas nos tres números dese parágrafo 2º letra b)e os requisitos xurídicos do parágrafo primeiro do artigo 205:

“a) Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.

b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.”

Ao tempo de licitar as prestacións contractuais, non se tiña producido a disolución de SUPLUSA, posto que se adoptou acordo de extinción o 30 de novembro de 2020.

O artigo 203, da LCSP recolle a potestade de modificación do contrato, e di:

“1. Sen prexuízo dos supostos previstos nesta Lei respecto a sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e ampliación do prazo de execución, os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos nesta Subsección, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191, coas particularidades previstas no artigo 207.

2. Os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

a) Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;

b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.



En calquera outros supostos, se fose necesario que un contrato en vigor executácese en forma distinta á pactada, deberá procederse á súa resolución e á celebración doutro baixo condiciónelas pertinentes, no seu caso previa convocatoria e sustanciación dunha nova licitación pública de conformidade co establecido nesta Lei, sen prexuízo do disposto no apartado 6 do artigo 213 respecto da obrigaón do contratista de adoptar medidas que resulten necesarias por razóns de seguridade, servizo público ou posible ruína.

3. As modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153, e deberán publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63.”

O informe remitido ao Servizo de Contratación e Fomento dende o Servizo de Arquitectura, xustifica a modificación cos seguintes argumentos:

“... el titular de la instalación ha de contar con el contrato de mantenimiento con una empresa autorizada que cumpla los requisitos del apartado 6 del Real Decreto 88/2013 por el que se aprueba la "Nueva Instrucción técnica complementaria (ITC) AEM 1 “ascensores” del reglamento de aparatos de elevación y manutención, aprobado por el R.D. 2291/1985. Todo ello cumpliendo los plazos y siguiendo los requisitos establecidos por el artículo 5 de la citada normativa.”

Encontrámonos, ante unha modificación non prevista no PCAP que rexe esta licitación (Art. 205 da LCSP). Existen esixencias técnicas, para o normal funcionamento do edificio e cumprimento da normativa en materia de ascensores RD 88/2013, polo que se aproba a Nova Instrucción Técnica complementaria (ITC) AEM 1 “ascensores” do regulamento de aparatos de elevación e manutención, aprobado polo RD 2291/1985, que xustifican a necesidade desta modificación contractual para dar cobertura a tales prestacións impostas pola normativa técnica.

En canto a obrigatoriedade da modificación para o contratista, o artigo 206 di: “1. Nos supostos de modificación do contrato recollidas no artigo 205, as modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para os contratistas cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE/ IVE excluído.

2. Cando de acordo co disposto no apartado anterior a modificación non resulte obrigatoria para o contratista, a mesma só será acordada polo órgano de contratación previa conformidade por escrito do mesmo, resolvéndose o contrato, en caso contrario, de conformidade co establecido na letra g) do apartado 1 do artigo 211.”

A proposta do Servizo de Arquitectura foi conformada polo contratista.

De acordo co sinalado na cláusula décima do PCAP reitor e o sinalado no artigo 109 da LCSP:

“Cando, a consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, readaptarase a garantía no prazo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato, de acordo co disposto no artigo 99 do TRLCSP.”

Sendo necesario, polo tanto, a presentación de garantía polas novas prestacións, no importe do 5% do incremento do prezo como consecuencia da modificación.

Tendo en conta que o PCAP reitor do contrato establece na súa cláusula 2.1, “O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do Proxecto Técnico que servirá de base para a realización das obras, así como da adxudicación do contrato, nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial”, o órgano competente para resolver sobre o asunto é a Xunta de Goberno., atendendo ademais ao establecido no artigo 54 do Regulamento orgánico, publicado no BOP de 26 de xullo de 2018, en relación coa delegación de competencias da Presidencia da Deputación (BOP 27-07-2018).

Conclusión:





En atención ás consideracións expostas e atendendo á xustificación da modificación efectuada polo Servizo de Arquitectura, infórmase favorablemente a modificación contractual proposta polo responsable do contrato do servizo de mantemento dos aparatos elevadores dos distintos edificios da Deputación Provincial de Lugo, entendendo o que subscribe, que procede que, polo órgano de contratación se adopte o seguinte acordo:

Modificar a contratación do servizo de mantemento dos aparatos elevadores dos distintos edificios da Deputación Provincial de Lugo, adxudicada a empresa Thyssenkrupp Elevadores, SLU., aprobada por acordo da Xunta de Goberno de data 14 de decembro de 2018, para incluír o ascensor instalado no edificio da Praza de San Marcos nº 11, sede da extinta Suplusa, dende a data de sinatura do contratomodificado, por un importe de 1.241,80 € IVE incluído, co seguinte reparto por anualidades:

PERÍODO	PREZO IVE INCLUÍDO
2021 (de 1-5-21 a 31-12-21)	496,72 €
2022 (de 1-1-22 a 31-12-22)	745,08 €
TOTAL	1241,80 €

Aprobar o devandito gasto, financiándose, segundo consta no informe da Intervención Xeral, con cargo á aplicación orzamentaria 9330.212. Existe consignación, na aplicación orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 496,72 €, para a anualidade 2021. A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

A empresa adxudicataria deberá presentar resguardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do prezo da modificación excluído o IVE (1026,28 €): 51,31 €, constituído de conformidade co disposto no prego de cláusulas administradores particulares, PCAP, no prazo máximo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato.

Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da modificación contractual.

En base ao que vai dito, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Modificar a contratación do servizo de mantemento dos aparatos elevadores dos distintos edificios da Deputación Provincial de Lugo, adxudicada a empresa Thyssenkrupp Elevadores, SLU., aprobada por acordo da Xunta de Goberno de data 14 de decembro de 2018, para incluír o ascensor instalado no edificio da Praza de San Marcos nº 11, sede da extinta Suplusa, dende a data de sinatura do contrato modificado, por un importe de 1.241,80 € IVE incluído, co seguinte reparto por anualidades:

PERIODO	PREZO IVE INCLUÍDO
2021 (de 1-5-21 a 31-12-21)	496,72 €
2022 (de 1-1-22 a 31-12-22)	745,08 €
TOTAL	1241,80 €

2º.- Aprobar o devandito gasto, financiándose, segundo consta no informe da Intervención Xeral, con cargo á aplicación orzamentaria 9330.212. Existe consignación, na aplicación orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 496,72 €, para a anualidade 2021. A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

3º.- A empresa adxudicataria deberá presentar resgardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do prezo da modificación excluído o IVE (1026,28 €): 51,31 €, constituído de conformidade co disposto no prego de cláusulas administradores particulares, PCAP, no prazo



máximo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato.

4º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da modificación contractual.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DE MUTUO ACORDO DO CONTRATO DA OBRA DE: GUITIRIZ.- CONSTRUCCIÓN DE RESIDENCIA DE ATENCIÓN A PERSOAS DA TERCEIRA IDADE.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Antecedentes

Pola Xunta de Goberno en reunión celebrada con data 22 de marzo de 2019, acordouse adxudicarlle a execución da obra GUITIRIZ.- Construcción de residencia de atención a persoas da terceira idade, tendo en conta o establecido no art. 150 da LCSP, e sendo a súa oferta por importe de importe de 1.241.336,48 €, dos cales 112.848,77€ corresponden ao IVE (10%); un seguimento da obra en tempo real a través de cámaras Web coa opción de sistema crane cam; a elaboración e entrega do modelo de información de edificio (BIM); un aumento do prazo de garantía de 24 meses; unha redución do prazo de execución de 90 días, e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 30.226,00€, mais IVE.

Ós efectos da presente incidencia, resultan fundamentais os seguintes documentos nos que se expresan os antecedentes inmediatos da mesma:

Con data 18 de marzo a entidade adxudicataria Joca Ingeniería y construcciones SA solicitou de forma razoada que se autorice a resolución por mutuo acordo do contrato.

Dita solicitude foi informada con data 22 de marzo de 2021 pola dirección facultativa que exerce D. Pablo Rodríguez Fernández, arquitecto do servizo de cooperación ós Concellos concluíndo:

En base a todo o reflexado neste Informe Técnico, e de cara á salvagarda do referido interese público, este funcionario, como Director das obras citadas, informa e conclúe que, actualmente e segundo a súa opinión profesional, non se aprecian impedimentos de carácter técnico para levar a cabo a actuación que considera máis adecuada, e na que coincide coa reflexada na solicitude da construtora Joca obxecto do presente Informe, de rescindir o contrato de mutuo acordo coa Deputación de Lugo por inviabilidade sobrevida do proxecto técnico debido ós feitos aquí expostos e analizados.

Deste xeito habilitase a posibilidade para, posteriormente, redactar un novo proxecto técnico para a reconstrución da edificación da "Casa da Botica" para residencia da 3ª idade que servirá como base para a licitación dun novo contrato de execución de ditas obras.

Foi emitido informe xurídico polo servizo de contratación co conforme da secretaría e a intervención provincial, do seguinte teor literal:

#### “Antecedentes

Pola Xunta de Goberno en reunión celebrada con data 22 de marzo de 2019, acordouse adxudicarlle a execución da obra GUITIRIZ.- Construción de residencia de atención a persoas da terceira idade, sendo a súa oferta, por importe de importe de 1.241.336,48 €, dos cales 112.848,77€ corresponden ao IVE (10%); un seguimento da obra en tempo real a través de cámaras Web coa opción de sistema *crane cam*; a elaboración e entrega do modelo de información de edificio (BIM); un aumento do prazo de garantía de 24 meses; unha redución do prazo de execución de 90 días, e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 30.226,00€, mais IVE.



Ós efectos da presente incidencia, resultan fundamentais os seguintes documentos nos que se expresan os antecedentes inmediatos da mesma:

Con data 18 de marzo a entidade adjudicataria Joca Ingeniería y construcciones SA solicitou de forma razoada que se autorice a resolución por mutuo acordo do contrato.

Dita solicitude foi informada con data 22 de marzo de 2021 pola dirección facultativa que exerce D. Pablo Rodríguez Fernández, arquitecto do Servizo de Cooperación ós Concellos concluíndo:

*En base a todo o reflexado neste Informe Técnico, e de cara á salvagarda do referido interese público, este funcionario, como Director das obras citadas, informa e conclúe que, actualmente e segundo a súa opinión profesional, non se aprecian impedimentos de carácter técnico para levar a cabo a actuación que considera máis adecuada, e na que coincide coa reflexada na solicitude da construtora Joca obxecto do presente Informe, de rescindir o contrato de mutuo acordo coa Deputación de Lugo por inviabilidade sobrevida do proxecto técnico debido ós feitos aquí expostos e analizados.*

*Deste xeito habilitase a posibilidade para, posteriormente, redactar un novo proxecto técnico para a reconstrución da edificación da "Casa da Botica" para residencia da 3ª idade que servirá como base para a licitación dun novo contrato de execución de ditas obras.*

#### Consideracións xurídicas

A Resolución do contrato acordárase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, entre as causas previstas está a solicitada polo contratista e informada pola dirección facultativa "c) o mutuo acordo entre a Administración e o contratista."

A resolución por mutuo acordo só pode ter lugar cando non concorra outra causa de resolución do contrato que sexa imputable ao contratista, e sempre que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato, a verificación de ditos extremos se deriva do informe técnico obrante no expediente.

Estima este informante que non estamos ante o suposto de imposibilidade de execución salvable mediante a modificación, ó plantexarse a necesaria redacción dun novo documento técnico que se adapte as circunstancias xurdidas dende a redacción do primitivo proxecto.

A Lexislación aplicable é a seguinte:

Os artigos 211 a 213, 245 e 246 de la Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, LCSP.

Os artigos 109 a 113 do RCAP 1098/2001, de 12 de outubro.

O artigo 114 do TRRL, aprobado por RDL 781/1986, de 18 de abril.

Procedemento xeral

O procedemento para a resolución dos contratos regúlase, en xeral, no artigo 109 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, que establece o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Audiencia do contratista por prazo de dez días naturais, no caso de proposta de oficio. ( requisito non necesario ó terse iniciado o procedemento polo propio contratista).

b) Audiencia, no mesmo prazo anterior, do avalista ou asegurador se se propón a incautación da garantía. (ó formularse en termos de mutuo acordo, e polas causas expresadas, non se produciría a incautación da mesma).

c) Informe do Servizo Xurídico, (trámite que se está a cumprimentar mediante a emisión do presente).

d) Ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando se formule oposición por parte do contratista. ( non resulta preceptivo ó plantexarse un mutuo acordo a instancia do propio contratista).



Todos os trámites e informes preceptivos dos expedientes de resolución dos contratos consideraranse de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polo órgano correspondente.

De conformidade co artigo 212.8 da LCSP os expedientes de resolución contractual deberán ser instruídos e resoltos no prazo máximo de oito meses.

Visto o anterior, non restaría por cumprimentar trámite algún respecto da resolución considerada en termos xerais, sen prexuízo da ulterior tramitación que se expón a continuación .

Trámites específicos na resolución do contrato de obras e órgano competente.

Vista a solicitude do contratista, polos servizos técnicos se emitirá informe sobre a mesma, e a concorrencia do suposto invocado, para isto, realizarán cantos trámites sexan necesarios, incluída a visita de comprobación se fose necesaria. Consta emitido dito informe na instrución da solicitude do contratista.

Iniciado o expediente a instancia do contratista, e previo o informe xurídico e no seu caso da intervención, se emitirá resolución do órgano de contratación en aras de resolver o contrato de obras. No caso que nos ocupa o presente informe será sometido ó conforme das ditas habilitadas nacionais, ós efectos da emisión preceptiva do informe en exercicio de funcións reservadas.

A Xunta de Goberno actuará como órgano de contratación competente para a resolución do contrato segundo o artigo 59.b 12 do ROP, resolverá o procedemento; debendo notificarse ós interesados dito acordo con comunicación dos recursos correspondentes.

A citada resolución, a tenor do establecido no artigo 213.5 de la LCSP, conterà pronunciamento expreso acerca de la procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía que, no seu caso, houbera sido constituída.

En fase posterior, como efecto da resolución, se producirá a liquidación das obrigas económicas derivadas da resolución, procedendo citar ó contratista no acto de resolución, para a medición das obras de conformidade co disposto no artigo 246 da LCSP.

En canto ós efectos da resolución.

Conforme o artigo 246 de la Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como consecuencia da resolución do contrato procederáse a comprobación, medición e liquidación das obras realizadas con arranxo ao proxecto, fixando os saldos pertinentes a favor ou en contra do contratista.

Será necesaria a citación deste, no domicilio que figure no expediente de contratación, para a súa asistencia ao acto de comprobación e medición.

En específico no que se refire ós efectos do mutuo acordo, os dereitos das partes acomodaranse ao validamente estipulado por elas, que no caso que nos ocupa, e vistos os antecedentes e lexislación aplicable, implicará a extinción do contrato e a celebración posterior do acto de medición para a fixación de ditos saldos a modo de liquidación do contrato.

Conclusión:

Visto o anterior informados os aspectos procedimentais e competenciais respecto da resolución por mutuo acordo, así como os aspectos técnicos no informe emitido pola dirección facultativa, informase de xeito favorable a resolución nos termos do presente.”

Visto ó anterior, propono á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1º.- Resolver por mutuo acordo o contrato administrativo da obra “GUITIRIZ.- Construcción de residencia de atención a persoas da terceira idade.”

2º.- Proceder á devolución da garantía definitiva depositada por Joca Ingeniería y Construcciones SA., como contratista da referida obra.





3º.- Notificar a Joca Ingeniería y Construcciones SA, así como ó Concello de Guitiriz, con correspondente réxime de recursos con indicación expresa de que o presente acto pon fin á vía administrativa.

4º.- Dar traslado do presente ó servizo de contratación, á dirección facultativa, e a intervención provincial.

5º.- Citar ó contratista para o acto de medición, que se producirá o día 16 de abril de 2021 ás 12:00 horas, debendo levantarse acta ó respecto da que se dará traslado, o servizo de contratación, debidamente informada pola dirección facultativa.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.**

*Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: FOZ.- Acondicionamento LU-P-0210 “A Seara (LU-160)– San Acisclo (LU-152A)”, P.K. 5+100 a 5+236.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 24/03/2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7GEAB5ZH7J5JF7WNNHMRAAAE<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup>Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: FOZ.- Acondicionamento LU-P-0210 “A Seara (LU-160)– San Acisclo (LU-152A)”, P.K. 5+100 a 5+236, con CSV: IV7GEABT33XKYT7MQJFGOMIOK4.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7GEKZ2HYZMT7W3RVIAAF2XH4.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7HWHRYLIRZ2X4PDTVUKRBUCQ.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7HWHQ6ZPZMLWZ4W77T652FAM.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7HWEDOIBJ5Z2B7236RJZ7WOA.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 29/01/2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7HQ3K2J44S6RP75TVN6YCAL4.

Publicación, o día 05/02/2021, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 05/03/2021, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios avaliáveis automaticamente (sobre B), con CSV: IV7H6ULNBMRNRLGYCVXUI4TF6M.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación do 05/03/2021, deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa), resultando que as mercantiles Carferlo SL e TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL, achegan unha declaración responsable (anexo I) que non se axusta ao modelo establecido no PCAP, faltándolle o apartado relativo á protección de datos (apartado 17), polo que a mesa, por unanimidade acordou, requirir a estas, concedéndolle un prazo de 3 días hábiles, para a achega de declaración responsable



(Anexo I) nos termos do PCAP e proseguir coa apertura de ofertas, condicionada á achega da documentación indicada polas empresas sinaladas.

Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida no Sobres “B”, cos seguintes resultados:

FOZ.- ACONDICIONAMENTO LU-P-0210 “A SEARA (LU-160) – SAN ACISCLO (LU-152A)”, P.K. 5+100 A 5+236  
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

VALOR ESTIMADO  
CLASIFICACION EXIGIDA:  
PRAZO DE EXECUCION:

118.994,49		
98.342,55	20.651,94	DE IVE (partida independiente)
NO	MAXIMO	
6 MESES	1.966,85	

EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	PRECIO (95)	P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE
		PREZO ( IVE incluído - art 102 )	Oferta ( sen IVE) (MAX. 2% S/ V. Estimado	Plantel / Discapitados
1 CARFERLO SL		101.035,00 €	0,00 €	24/0
2 CONSTRUCCIONES CAZAS SL		99.825,00 €	1.000,00 €	9/0
3 CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL		104.596,15 €	247,93 €	42/1
4 CONSTRUCCIONES RAFER SL		111.854,82 €	1.966,85 €	26/0
5 CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES JOSE SAA SL		116.102,92 €	1.652,82 €	51/1
6 GRUPO BASCUAS 2008 SL		100.568,18 €	801,49 €	89/2
7 OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		108.987,05 €	564,69 €	1/0
8 TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		98.527,43 €	2.066,12 €	32/2

Á vista das ofertas das empresas, observase que a presentada pola mercantil TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL, supera no criterio de Plan de divulgación, o máximo puntuable, polo que á hora da valoración, unicamente se ten en conta o importe máximo, debendo, sen embargo, cumprir a súa oferta, no caso de que sexa adxudicatario da obra de acordo co establecido no PCAP polo que rexe esta licitación, ao indicarse: “...Este programa deberá ser cuantificado economicamente (valorándose como máximo o importe do 2% sobre o valor estimado) polo licitador; (...). No suposto que o adxudicatario tivera proposto un importe superior ao 2% do valor estimado da licitación para destinar ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas no momento de formular a súa oferta e, aínda que non sexan determinantes ou valorables para a adxudicación do contrato, as mesmas terán carácter contractual”.

Tendo en conta o anterior, procédese á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (95)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
	Oferta	Ptos	Oferta (máximo 2% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1 CARFERLO SL	101.035,00 €	83,36	0,00 €	0,00	83,36
2 CONSTRUCCIONES CAZAS SL	99.825,00 €	88,98	1.000,00 €	2,54	91,52
3 CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL	104.596,15 €	66,83	247,93 €	0,63	67,46
4 CONSTRUCCIONES RAFER SL	111.854,82 €	33,14	1.966,85 €	5,00	38,14
5 CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES JOSE SAA SL	116.102,92 €	13,42	1.652,82 €	4,20	17,62
6 GRUPO BASCUAS 2008 SL	100.568,18 €	85,53	801,49 €	2,04	87,57
7 OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	108.987,05 €	46,45	564,69 €	1,44	47,89
8 TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	98.527,43 €	95,00	2.066,12 €	5,00	100,00

De seguido procedeuse, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA
1	CARFERLO SL	101.035,00 €
2	CONSTRUCCIONES CAZAS SL	99.825,00 €
3	CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL	104.596,15 €
4	CONSTRUCCIONES RAFER SL	111.854,82 €
5	CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES JOSE SAA SL	116.102,92 €
6	GRUPO BASCUAS 2008 SL	100.568,18 €
7	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	108.987,05 €
8	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	98.527,43 €

  

MEDIA
105.187,07

  

BAIXA DESPROPORCIONADA
94.668,36

  

10% ARRIBA
115.705,78

A vista do anterior, e tendo en conta que ningunha das ofertas presentadas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a mesa por unanimidade acordou:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
		PUNTOS
1	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	100,00
2	CONSTRUCCIONES CAZAS SL	91,52
3	GRUPO BASCUAS 2008 SL	87,57
4	CARFERLO SL	83,36
5	CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL	67,46
6	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	47,89
7	CONSTRUCCIONES RAFER SL	38,14
8	CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES JOSE SAA SL	17,62

Requirir as empresas Carferlo SL e TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para que acheguen de novo a declaración responsable (Anexo I) nos termos establecidos no PCAP.

Determinar que unha vez achegada a antedita documentación de xeito correcto, se requira á empresa TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.



No suposto de non achegar as empresas Carferlo SL e TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL, a documentación indicada no apartado “b”, se proceda a convocar novamente Mesa de contratación a efectos de tomar os acordos que procedan.

Segundo o acordado pola mesa, en data 08/03/2020, requiriuse ás mercantiles Carferlo SL e TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, para que achegaran un novo anexo I nos termos recollidos no PCAP, concedéndolles un prazo de 3 días hábiles.

As empresas Carferlo SL e TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL, achegaron a documentación requirida, quedando así cumprida a condición establecida na mesa para proceder ao requirimento da documentación a que se refire o artigo 150 da LCSP á clasificada en primeiro lugar.

Por resolución da Presidencia de data 12/03/2021, con CSV: IV7H6HKZ2AEJTJF3WQVTMJ3DAM, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 15/03/2021, rematando o prazo de presentación o día 30/03/2021. A mercantil TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL, presentou a documentación requirida o 16/03/2021.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 24/03/2021, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL presenta a documentación requirida en tempo.

A mesa de contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL representada por D. Manuel Blanco Trigo con DNI \*\*\*5558\*\*, a contratación da obra denominada FOZ.- Acondicionamento LU-P-

0210 “A Seara (LU-160)– San Acisclo (LU-152A)”, P.K. 5+100 a 5+236, no prezo de 98.527,43 €, dos cales 17.099,80 € corresponden ao IVE (21%) e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 2.066,12 € mais IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL representada por D. Manuel Blanco Trigo con DNI \*\*\*5558\*\*, a contratación da obra denominada FOZ.- Acondicionamento LU-P-0210 “A Seara (LU-160)– San Acisclo (LU-152A)”, P.K. 5+100 a 5+236, no prezo de



98.527,43 €, dos cales 17.099,80 € corresponden ao IVE (21%) e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 2.066,12€ mais IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, PARA AUTORIZAR A REDACCIÓN DE PROXECTOS MODIFICADOS DE DIVERSAS OBRAS.**

*Proposta de aprobación, se procede, para autorizar redacción da modificación do proxecto da obra identificada como: COSPEITO.- Proxecto de urbanización do parque empresarial de Feira do Monte (Cospeito). Fase I.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“Primeiro.- O expediente de Contratación e demais actuacións correspondentes á licitación da obra foron desenvoltas pola Sociedade Urbanística Provincial de Lugo SA (SUPLUSA), e unha vez liquidada a mesma, por acordo do Pleno, en sesión extraordinaria de data 30/11/2020, os expedientes son continuados polos distintos Servizos da Deputación Provincial.

Segundo.- A obra, denominada COSPEITO.- Proxecto de urbanización do parque empresarial de Feira do Monte (Cospeito). Fase I, logo dos correspondentes trámites de licitación, foi adxudicada o 09/05/2019, a empresa TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL, na cantidade de 1.293.032,25 euros, (IVE incluído) e con un prazo de execución de 9 meses.

Terceiro.- Con data 13/05/2019, formalizouse o correspondente contrato en documento administrativo, sendo asinado polo representante de SUPLUSA e polo representante da mercantil TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL.

Cuarto.- En data 14/05/2019, asínase acta de comprobación de reformulo.

Quinto.- En data 19/12/2019, á vista do informe emitido polo técnico, aprobouse pola comisión liquidadora de SUPLUSA a suspensión dos traballos dende o 04/09/2019. En data 14/07/2020 reanudáronse os traballos, subscribindo acta de reanudación.

Sexto.- Por Resolución da Presidencia, de data 21/01/2021, aprobouse unha ampliación do prazo de execución da identificada obra, ata o 30/04/2021.





Sétimo.- Na data do 25/03/2021, recibíuse neste Servizo de Contratación e Fomento documento de proposta para recabar a conformidade do órgano de contratación para redacción da modificación do proxecto da obra identificado na cabeceira, no que, entre outros, indica:

“(…)

Que nos traballos pendentes de execución atópanse varias causas que, a xuício deste Director Técnico, motivan a necesidade de modificación do proxecto, e que se expoñen a continuación:

1) Dende a data de redacción do proxecto licitado, marzo de 2013, producíronse cambios na normativa eléctrica, o que requeriu a redacción dun novo anexo, o que conleva que sexa necesario modificar as partidas destinadas á conexión eléctrica do polígono coa rede existente.

2) Proponse o cambio das luminarias incluídas no proxecto, por unidades LED con maior eficiencia enerxética e capacidade lumínica.

3) O proxecto adjudicado contempla a conexión cunha vía de servizo paralela á estrada autonómica LU-111, e polos estudos previos realizados é factible realizar a conexión directa coa glorieta existente na entrada da localidade de Feira do Monte, co que se melloraría a accesibilidade ao polígono.

As modificacións indicadas corresponden a necesidades debidamente xustificadas estando presentes en todas as actuacións o interese público. Todo elo conleva a execución dunha obra completa e segura, cumprindo co disposto no artigo 205 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

O importe máximo do modificado previsto sería o mesmo que o precio primitivo do contrato.

Á vista do exposto, este Director de Técnico solicita a preceptiva autorización administrativa para proceder á redacción dun Proxecto Modificado do proxecto de urbanización del parque empresarial de Feira do Monte (Cospeito-Lugo).

Fase I. Cospeito.

Que unha vez se preste conformidade polo órgano de contratación a esta proposta, se así o estima, procederase a solicitar ao Servizo de Supervisión de Proxectos o correspondente informe, según establece o artigo 242.5.e) da Lei 9/2017, ademáis, tal e como establece o artículo 242.5.b) da mencionada Lei 9/2017, deuselle audiencia ao contratista mostrando este a súa conformidade.

Que polo Director Técnico propúxose a suspensión total da obra, con data 18.03.2021, ata a aprobación, se procede, do proxecto modificado, procedéndose á reanudación da mesma mediante a firma da Acta correspondente.”

Oitavo.- Na data do 26/03/2021, recibíuse neste Servizo de Contratación e Fomento informe complementario do Servizo de Vías e Obras, ampliando a xustificación das causas que motivan o modificado, no que, entre outros, indica:

“(…)

Segundo o artigo 205 a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público no seu apartado 2, cumpríranse os supostos dunha modificación non prevista, cumpríndose os requisitos do apartado primeiro deste artigo e os do apartado 2. b), xustificándose estes:

Cando a necesidade de modificar un contrato vixente derívese de circunstancias sobrevidas e que fosen imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato, a condición de que se cumpran as tres condicións seguintes:

1º. Que a necesidade da modificación derívese de circunstancias que unha Administración dilixente non puidese prever, xa que desde o prazo transcurrido dende a aprobación do proxecto ata



a o momento da execución cambiaron as condicións para o entronque coas redes eléctricas, por modificación da normativa.

2º. Que a modificación non altera a natureza global do contrato.

3º. Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE/ IVE excluído. Neste caso non se incrementa economicamente o importe da obra con respecto ao proxecto primitivo. ...”

#### Consideracións xurídicas

Tendo en conta o previsto no artigo 97 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, (en adiante RXLCSP), que sinala “ Con carácter general, salvo lo establecido en la legislación de contratos de las Administraciones públicas para casos específicos, cuantas incidencias surjan entre la Administración y el contratista en la ejecución de un contrato por diferencias en la interpretación de lo convenido o por la necesidad de modificar las condiciones contractuales, se tramitarán mediante expediente contradictorio, que comprenderá preceptivamente las actuaciones siguientes:

Propuesta de la Administración o petición del contratista.

Audiencia del contratista e informe del servicio competente a evacuar en ambos casos en un plazo de cinco días hábiles.

Informe, en su caso, de la Asesoría Jurídica y de la Intervención, a evacuar en el mismo plazo anterior.

Resolución motivada del órgano que haya celebrado el contrato y subsiguiente notificación al contratista.

Salvo que motivos de interés público lo justifiquen o la naturaleza de las incidencias lo requiera, la tramitación de estas últimas no determinará la paralización del contrato”.

O artículo 242. 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (en adelante LCSP), indica, en relación coa modificación dos proxectos “... Cuando el director facultativo de la obra considere necesaria una modificación del proyecto y se cumplan los requisitos que a tal efecto regula esta Ley, recabará del órgano de contratación autorización para iniciar el correspondiente expediente ....”

Por su parte o artigo 242.5 da LCSP, precisa:

“5. Cuando la tramitación de una modificación exija la suspensión temporal total de la ejecución de las obras y ello ocasione graves perjuicios para el interés público, el Ministro, si se trata de la Administración General del Estado, sus Organismos Autónomos, Entidades Gestoras y Servicios Comunes de la Seguridad Social y demás entidades públicas integrantes del sector público estatal, podrá acordar que continúen provisionalmente las mismas tal y como esté previsto en la propuesta técnica que elabore la dirección facultativa, siempre que el importe máximo previsto no supere el 20 por ciento del precio inicial del contrato, IVA excluido, y exista crédito adecuado y suficiente para su financiación.

El expediente de continuación provisional a tramitar al efecto exigirá exclusivamente la incorporación de las siguientes actuaciones:

a) Propuesta técnica motivada efectuada por el director facultativo de la obra, donde figure el importe aproximado de la modificación, la descripción básica de las obras a realizar y la justificación de que la modificación se encuentra en uno de los supuestos previstos en el apartado 2 del artículo 203.

b) Audiencia del contratista.

c) Conformidad del órgano de contratación.

d) Certificado de existencia de crédito.

e) Informe de la Oficina de Supervisión de Proyectos, en el caso de que en la propuesta técnica motivada se introdujeran precios nuevos. El informe deberá motivar la adecuación de los



nuevos precios a los precios generales del mercado, de conformidad con lo establecido en el apartado 3 del artículo 102.

En el plazo de seis meses contados desde el acuerdo de autorización provisional deberá estar aprobado técnicamente el proyecto, y en el de ocho meses el expediente de la modificación del contrato.

Dentro del citado plazo de ocho meses se ejecutarán preferentemente, de las unidades de obra previstas, aquellas partes que no hayan de quedar posterior y definitivamente ocultas”.

Neste caso, segundo o informe do director técnico as obras están suspendidas con data 18/03/2021.

Tendo en conta o disposto no artigo 205 da LCSP, que establece “Las modificaciones no previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares o que, habiendo sido previstas, no se ajusten a lo establecido en el artículo anterior, solo podrán realizarse cuando la modificación en cuestión cumpla los siguientes requisitos:

a) Que encuentre su justificación en alguno de los supuestos que se relacionan en el apartado segundo de este artículo.

b) Que se limite a introducir las variaciones estrictamente indispensables para responder a la causa objetiva que la haga necesaria.

2. Los supuestos que eventualmente podrían justificar una modificación no prevista, siempre y cuando esta cumpla todos los requisitos recogidos en el apartado primero de este artículo, son los siguientes:

a) Cuando deviniera necesario añadir obras, suministros o servicios adicionales a los inicialmente contratados, siempre y cuando se den los dos requisitos siguientes:

1º. Que el cambio de contratista no fuera posible por razones de tipo económico o técnico, por ejemplo que obligara al órgano de contratación a adquirir obras, servicios o suministros con

características técnicas diferentes a los inicialmente contratados, cuando estas diferencias den lugar a incompatibilidades o a dificultades técnicas de uso o de mantenimiento que resulten desproporcionadas; y, asimismo, que el cambio de contratista generara inconvenientes significativos o un aumento sustancial de costes para el órgano de contratación.

En ningún caso se considerará un inconveniente significativo la necesidad de celebrar una nueva licitación para permitir el cambio de contratista.

2º. Que la modificación del contrato implique una alteración en su cuantía que no exceda, aislada o conjuntamente con otras modificaciones acordadas conforme a este artículo, del 50 por ciento de su precio inicial, IVA excluido.

b) Cuando la necesidad de modificar un contrato vigente se derive de circunstancias sobrevenidas y que fueran imprevisibles en el momento en que tuvo lugar la licitación del contrato, siempre y cuando se cumplan las tres condiciones siguientes:

1º. Que la necesidad de la modificación se derive de circunstancias que una Administración diligente no hubiera podido prever.

2º. Que la modificación no altere la naturaleza global del contrato.

3º. Que la modificación del contrato implique una alteración en su cuantía que no exceda, aislada o conjuntamente con otras modificaciones acordadas conforme a este artículo, del 50 por ciento de su precio inicial, IVA excluido.

(...)”.

No informe e informe complementario da Dirección técnica, indicase o suposto acaecido para a modificación, así como relativo aos requisitos recollidos no apartado b) do artigo 205.2, no sentido que deriva de circunstancias sobrevenidas e que eran imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato, como foi o cambio de normativa eléctrica.

No que atinxe as especialidades procedementais sinaladas no artigo 207 da LCSP, a proposta para a modificación aparece aceptada polo contratista, de modo que se pode entender cumprido o trámite de audiencia.



En todo caso e consonte ao establecido polo Artigo 206 da LCSP, “... las modificaciones acordadas por el órgano de contratación serán obligatorias para los contratistas cuando impliquen, aislada o conjuntamente, una alteración en su cuantía que no exceda del 20 por ciento del precio inicial del contrato, IVA excluído.

Cuando de acuerdo con lo dispuesto en el apartado anterior la modificación no resulte obligatoria para el contratista, la misma solo será acordada por el órgano de contratación previa conformidad por escrito del mismo, resolviéndose el contrato, en caso contrario, de conformidad con lo establecido en la letra g) del apartado 1 del artículo 211”.

Non obstante, segundo o informe da Dirección Técnica, nesta caso o importe do modificado sería o mesmo que o do prezo primitivo do contrato, non supoñendo polo tanto incremento de prezo.

Tratándose dun contrato de obras, debe atenderse ao establecido no artigo 242 da LCSP, que sinala “...Cuando las modificaciones supongan la introducción de unidades de obra no previstas en el proyecto o cuyas características difieran de las fijadas en este, y no sea necesario realizar una nueva licitación, los precios aplicables a las mismas serán fijados por la Administración, previa audiencia del contratista por plazo mínimo de tres días hábiles. Cuando el contratista no aceptase los precios fijados, el órgano de contratación podrá contratarlas con otro empresario en los mismos precios que hubiese fijado, ejecutarlas directamente u optar por la resolución del contrato conforme al artículo 211 de esta Ley”.Este trámite coñecese como acta de prezos contraditorios.

Que de acordo co establecido no artigo 242.5 da LCSP, reproducido, cando a tramitación do modificado esixa a suspensión temporal parcial ou total da execución das obras e elo ocasionará graves prexuízos para o interese público, poderase acordar que continúen provisionalmente as mesmas, sempre que o importe máximo previsto non supere o 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído, e exista crédito adecuado e suficiente para a súa financiación.

Neste caso, segundo o informe técnico, o importe non se ve modificado, e ademais as obras estan en suspenso dende o 18/03/2021.

A modificación do contrato conlevará o reaxuste da garantía nos termos establecidos no artigo 109.2 da LCSP que a estes efectos establece a obriga do reaxuste das garantías naqueles supostos de modificación do contrato con variación do seu prezo, para que aquela ( a garantía) garde proporción co novo prezo modificado.

A modificación do contrato pode levar a un aumento do prazo, prevíndose este reaxuste no Artigo 162 do RD 1098/2001 do 12 de outubro ( RXLCAP).

Tendo en conta que o PCAP reitor do contrato establece na súa cláusula 3 “O órgano de contratación que actúa en nome da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo SA (SUPLUSA), é o Consello de Administración (...) O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable.

Non obstante, unha vez liquidada SUPLUSA, e tramitados os expedientes polos distintos Servizos da Deputación de Lugo, por asimilación aos procedementos contractuais efectuados por esta Deputación, o órgano competente para resolver sobre o asunto é a Xunta de Goberno, atendendo ao establecido no Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020.

### Conclusión

En atención ás consideracións expostas e atendendo á xustificación da proposta para recabar a conformidade do órgano de contratación para a redacción da modificación do proxecto, efectuada pola dirección da obra, infórmase favorablemente autorizar a redacción da modificación do proxecto da obra COSPEITO.- Proxecto de urbanización do parque empresarial de Feira do Monte (Cospeito). Fase I, entendendo o que subscribe, que procede que polo órgano de contratación se adopte resolución neste sentido.

Á vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:





Aprobar autorización para redacción da modificación do proxecto da obra identificada como COSPEITO.- Proxecto de urbanización do parque empresarial de Feira do Monte (Cospeito). Fase I, que segundo informe técnico non supón aumento económico respecto do prezo primitivo do contrato.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE DIVERSOS PROXECTOS DE INVESTIMENTOS DO PLAN ÚNICO 2020.**

*Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Guitiriz, solicitando modificación do proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Guitiriz no que solicita a modificación do proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2020. Non obstante este prazo poderá ser

prorrogado por unha única vez, mediante acordo da Xunta de Goberno, a solicitude do Concello, na que especificará e xustificará os motivos e indicará o prazo solicitado, que non poderá superar o 30 de xuño de 2021.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 04/12/2020 concedeuse unha prórroga ao Concello de Guitiriz, para a adxudicación do investimento obxecto deste informe, ata o 30/06/2021.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 28/07/2020, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
GUITIRIZ	105	REFORMA INTERIOR DE NAVE PARA EQUIPAMENTO DEPORTIVO	26.584,47€	82.923,25	109.507,72€

A Alcaldía do Concello de Guitiriz a través de escrito de data 24/03/2021 solicita:

A modificación do proxecto do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2020, concretamente o investimento nº 105, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “...segundo informe técnico; debido ao dimensionamento da estrutura e as condicións indicadas no estudo xeotécnico, a cimentación e a estrutura ...” polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada.

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
GUITIRIZ	105	REFORMA INTERIOR DE NAVE PARA EQUIPAMENTO DEPORTIVO	61.455,88€	82.923,25	144.379,13€

A base 17, indica que “... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa esta adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello”. Así mesmo tamén sinala “... calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado



integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación”; constando no expediente dita documentación.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases (base 17) do Plan Único 2020, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello de Guitiriz que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2020.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Guitiriz, e en consecuencia, aprobar a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos concellos 2020 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
GUITIRIZ	105	REFORMA INTERIOR DE NAVE PARA EQUIPAMENTO DEPORTIVO	61.455,88€	82.923,25	144.379,13€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras, ou prórrogas concedidas ao efecto.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACEPTACIÓN DA EDIFICACIÓN/CONSTRUCCIÓN DESTINADA Á RESIDENCIA E CENTRO DE DÍA DA TERCEIRA IDADE NO CONCELLO DE PEDRAFITA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Coa aprobación por unanimidade do acordo adoptado polo Pleno Provincial celebrado o 26 de outubro de 2010 relativo á construción e xestión de centros de atención a persoas maiores, revélase o obxectivo da construción e xestión dunha serie de centros de atención para as persoas maiores na provincia, principalmente naqueles concellos que carezan destes centros ou cando a súa poboación maioritaria se encontre dentro dos parámetros que regulan este tipo de dotación social.

Para a consecución desta finalidade é necesario contar cun equipamento, establecemento ou instalación no que se preste, dun xeito estable e continuado, unha atención integral e directa a aquelas persoas con idade igual ou superior a 65 anos que ingresen sendo autónomas ou que se encontren nunha situación de dependencia leve ou moderada, ou excepcionalmente, aos maiores de 60 anos que pola súa situación persoal ou social precisen destes centros.

Para este destino esta Deputación Provincial pretende a construción, posta en servizo e futura explotación de dotacións públicas sociais na provincia de Lugo e a tal fin asinaranse con cada concello os distintos convenios particulares de colaboración nos que se establecerán as condicións propias e características técnicas individualizadas, co seguinte contido mínimo:



Os concellos adquieren o compromiso de colaborar, impulsar e favorecer todos aqueles aspectos administrativos que posibiliten os fins do convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Lugo.

Os concellos cederán gratuitamente á Deputación Provincial, para a edificación e servizos que se pretenden construír, o solo libre de cargas capaces de recibir a dotación coas características técnicas e urbanísticas necesarias (...).

Como resultado do devandito acordo provincial e en particular respecto do Concello de Pedrafita do Cebreiro realizáronse as seguintes actuacións:

31.01.2011

Sinatura do Convenio para a construción e xestión dun Centro de Atención á Terceira Idade no Concello de Pedrafita entre esta Deputación Provincial e o Concello. Contén, entre outro, o seguinte clausulado:

A cláusula 5: Para a construción do centro o Concello de Pedrafita do Cebreiro cederá gratuitamente á Deputación Provincial e Lugo (...) o inmueble de propiedade municipal contiguo coa Casa Consistorial (...).

A cláusula 6: O Concello de Pedrafita do Cebreiro poderá utilizar, (..), a sala multiusos que actualmente ocupa na planta baixa do edificio que se cede á Deputación Provincial de Lugo.

10.02.2011

Acordo do Pleno de Concello de Pedrafita do Cebreiro celebrado en sesión extraordinaria urxente cuxa parte dispositiva establece:

Aprobar o Convenio suscrito o 31.01.2011 entre esta Deputación Provincial e o Concello de Pedrafita do Cebreiro para a construción e xestión dun Centro de Atención á Terceira Idade neste Concello.

Realizar os trámites oportunos para facer efectivos os compromisos adquiridos mediante dito convenio.

13.04.2011

Acordo do Pleno de Concello de Pedrafita do Cebreiro relativo á inicio do expediente de cesión gratuíta de bens municipais á Deputación Provincial, en particular o ben inmovible con referencia catastral número 2026211PH6322N0001MX para a realización do proxecto de construción dun centro de atención á terceira idade en Pedrafita do Cebreiro por ser o fin perseguido claramente beneficioso para a comunidade veciñal.

24.05.2011

O citado acordo resultou definitivo transcorrido o prazo de información pública, sen alegacións nin reclamacións, segundo certificación expedida ao efecto pola Secretaría do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

21.01.2021

Aprobase por unanimidade do Pleno municipal o asunto incluído baixo o epígrafe “Punto segundo Acordo do Pleno de Concello de Pedrafita do Cebreiro celebrado en sesión extraordinaria urxente relativo a Aprobación da renuncia da clausura 6 do convenio para a construción e xestión dun centro de atención a terceira idade no concello de Pedrafita do Cebreiro coa Excma Deputación Provincial de Lugo de data 31.0.2011.e cuxa parte dispositiva establece:

Renunciar á carga ou gravame consistente no uso da sala de multiusos que actualmente ocupa na pranta baixa do edificio que cede á Deputación Provincial de Lugo que recolle a cláusula sexta do convenio.

Dar traslado do presente acordo á Excma. Deputación Provincial de Lugo aos efectos procedentes.”

Explica o Sr. Alcalde que se considera carga e que non permite o rexistrador da propiedade inscribirla a nome da Deputación Provincial de Lugo.

Ademais sobre o inmovible obxecto da presente cesión e aceptación consta no expediente a seguinte documentación:

Certificación catastral a nome do Concello de Pedrafita do inmovible identificado baixo o número 2026211PH6322N0001MX emitida o 01.03.2021, cun valor catastral de 161.667,34 €.

Información rexistral de inscrición no Rexistro da Propiedade de Becerreá de data 31.01.2011 incorporada polo Concello no expediente de cesión a favor desta Deputación e a información rexistral de inscrición no Rexistro da Propiedade de Sarria-Becerreá do 11.03.2021 solicitada por esta Deputación nas que constan, entre outros, os seguintes datos:

Titular	Concello de Pedrafita do Cebreiro
Tomo	414
Libro	28
Folio	103
Número de finca	2326
Identificador Único de Finca Rexistral IDUFIR	27001000074395
Cargas/gravames	Non hai cargas rexistradas

Sublíñase que a finalidade da presente cesión non é a parcela de terreo/edificación, en si mesma considerada, senón a finalidade da propia cesión dirixida á consecución dun fin de natureza e servizo público que se materializará coa construción dun complexo residencial para persoas maiores no dito Concello. E é a esta finalidade á que se vinculan as dúas corporacións e se comprometen mediante os seus respectivos acordos plenarios, no que quedan manifestadas as vontades do cedente e do aceptante e das que queda excluída a figura da doazón ou outro acto de mera liberalidade.

Terase en conta que si a parcela cedida gratuitamente a esta Entidade Provincial non fose destinada ao uso previsto para a realización do fin de interese social expresado e dentro do prazo

sinalado resolverase a cesión e exercitarase a acción de reversión conforme ao carácter finalista da presente cesión. (artículo 111 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño do Regulamento de Bens das Entidades Locais RBEL).

Tendo en conta o informe emitido polo Secretario Xeral Adxunto con data do 12.03.2021 baixo o CSV IV7H6HKICBVC37XT4T6CG3SD64 no que estima a procedencia de someter á aprobación do órgano competente a aceptación, libre de cargas e gravames, da cesión gratuíta da titularidade do ben inmovible con referencia catastral número 2026211PH6322N0001MX acordada polo Pleno do Concello de Pedrafita do Cebreiro para a realización do proxecto de construción dun centro de atención á terceira idade no dito concello.

Polo exposto, a teor do artigo 59.9 do Regulamento Orgánico desta Deputación, propónse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aceptar a cesión gratuíta da titularidade favor da Deputación Provincial de Lugo do ben inmovible identificado baixo o número de referencia catastral 2026211PH6322N0001MX acordada polo Pleno do Concello de Pedrafita do Cebreiro destinado a Residencia e Centro de Día da Terceira Idade no dito Concello.

2º.- Formalizar en escritura pública a presente adquisición e proceder a súa inscrición do Rexistro da Propiedade e no Libro Inventario de Bens desta Deputación Provincial.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE NA XUNTA DE COMPENSACIÓN DA UNIDADE DE ACTUACIÓN “POLÍGONO C” DA ZONA COMPRENDIDA ENTRE A PONTE ROMAI E A PONTE DA ESTACIÓN.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:





“O Pleno, do Concello de Lugo, en sesión ordinaria, celebrada o día trinta de xuño de dous mil cinco, adoptou, entre outros, o acordo de aprobar definitivamente, ao amparo do establecido no artigo 89.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, o Plan Especial de Reforma Interior do “Polígono C”, na zona comprendida entre a Ponte Romai e a Ponte da Estación, promovido pola Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A que establece como sistema de actuación a compensación.

A Xunta de Goberno Local, do Concello de Lugo, en sesión que tivo lugar o catorce de decembro de 2005, aprobou, definitivamente, o proxecto de estatutos e bases de actuación para a constitución da Xunta de Compensación do “Polígono C” do expediente de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana na zona comprendida entre a Ponte Romai e a Ponte da Estación, que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia número 34 , de data de 10 de febreiro de 2006.

O 18 de abril de 2007 constitúese a Xunta de Compensación, da unidade de actuación Polígono C, da zona comprendida entre a Ponte Romai a Ponte da Estación, con domicilio social na Praza de Santo Domingo, número 6-8, 5º A e B 27001 Lugo e CIF V27368\*\*\*, mediante escritura outorgada polo notario D. José Manuel López Cedrón, baixo o protocolo número mil oitocentos vinte e dous e inscrita no rexistro xeral de entidades urbanísticas colaboradoras da Xunta de Galicia, baixo o número 28/07.

A propiedade da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A, é a seguinte:

Finca no lugar de Paradai, parroquia de San Lorenzo de Albeiros, termo municipal de Lugo, que ten unha caseta á dereita da súa entrada, distribuída en cuadra, na súa planta baixa dúas habitacións e unha cociña na súa parte alta, e un faiado con armazón de madeira e cuberta de lousa, que mide cento catro metros cadrados; un patio cunha fonte, dunha extensión superficial de un ferrado e dezaioito cuartillos, equivalentes a oito áreas, vinte e nove centiáreas, pola medida de Lugo, un almacén para curtidos e cortiza na parte oeste do patio, é dicir, dereita entrando, de oito cuartillos e a cuarta parte doutro de extensión, iguais a cento oitenta metros cadrados; outro almacén ao Sueste , é dicir, fronte entrando, que ocupa a extensión superficial de catro cuartillos, equivalentes a oitenta e sete metros cadrados ao lado do cal existe a canle que conduce las augas á

fabrica e sobre dita canle, un miradoiro con balconcillos de ferro e á esquerda da porta de entrada e do patio, a casa fabrica con varios noques ou pilas para curtidos de peles na súa planta baixa, e no único alto que ten diferentes departamentos para habitar e un salón corrido para secadoiro de peles con faiado armazón de madeira e cuberta de lousa, que ocupa a extensión superficial dun ferrado e sete cuartillos, equivalentes a cincocentos oitenta e nove metros cadrados, existindo adherente, á parte Sueste, una horta regadía cunha caseta no seu fondo e varias arbores froiteiros, da extensión superficial de catro ferrados e trece cuartillos, equivalentes a vinte áreas, trinta centiáreas e setenta e un decímetros cadrados, ocupando todo o perímetro da caseta, patio, almacéns, casa fabrica e horta a superficie de oito ferrados, quince cuartillos, equivalentes a trinta e oito áreas, vinte e unha centiáreas e corenta e seis decímetros cadrados.

Esta finca está inscrita no Rexistro da Propiedade Número un de Lugo, ao Tomo 1672, Libro 1233, Folio 107 e Finca 6345, sendo a súa referencia catastral 8039001PH1683N0001AK.

A propiedade foi adquirida pola Sociedad Urbanística Provincial de Lugo, en data de once de febreiro de dous mil catro, mediante escritura pública de compraventa, outorgada por Dña. Camen Jato López, ante o Notario D. Emilio Navarro Moreno, baixo o protocolo número douscentos corenta e cinco.

En data de doce de febreiro de dous mil sete, esta propiedade vendeuse a D. Edelmiro Díaz Pérez mediante escritura pública, outorgada ante o Notario D. José Manuel López Cedrón, baixo o protocolo número seiscentos oitenta e un e, en data de nove de febreiro de dous mil nove, formalizouse a escritura de resolución de contrato de compra venta, referenciado anteriormente, ante o notario D: Manuel Ignacio Castro-Gil Iglesias, baixo o protocolo número catrocentos seis, recobrando a Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A a propiedade e posesión da finca descrita.

O Pleno desta Excma. Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de novembro de dous mil vinte adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“...a extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A (SUPLUSA) con efectos desde o día 30 de novembro de 2020.



a aceptación da cesión do activo e pasivo consonte o artigo 83 da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís...”

A cesión global de activo e pasivo implica a subrogación da Deputación na posición xurídica da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A respecto dos dereitos e obrigas dos que esta era titular.

Polo exposto, e co fin da defensa e representación dos intereses provinciais, propono á Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, que adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Nomear representante da Excm. Deputación Provincial de Lugo na Xunta de Compensación Xunta de Compensación, da unidade de actuación Polígono C, da zona comprendida entre a Ponte Romai a Ponte da Estación ao Secretario Xeral Adxunto D. José Antonio Mourelle Cillero.

**2º.-** Nomear suplente do mesmo á Técnico do Servizo de Patrimonio, Dna. Vanesa Vázquez Abad.

**3º.-** Notificar o presente acordo a Xunta de Compensación, da unidade de actuación Polígono C, da zona comprendida entre a Ponte Romai a Ponte da Estación de Paradai.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RECTIFICACIÓN DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO COMO RESULTADO DA RECLAMACIÓN DE PARTICULARES COMPARECENTES EN EXPEDIENTES EXPROPIATORIOS.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Proponse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Obra 117 P.O.S. 2003 O Corgo-Baralla.- C.P. “Sobrado-Souto de Torres”. Ensanche e mellora do P.K. 0,000 ao 1,500 e do P.K. 1,500 ao 3,335.

2º.- Obra: 94 P.O.S. 2005 O Corgo-Castroverde “Sobrado-Souto de Torres”. Ensanche e mellora do P.K. 3,330 ao 4,800.

Co base no informe do Xefe do Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos que di:

No Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos recibíuse solicitude sobre cambio de titularidade de predios de dous expedientes expropiatorios. Unha vez examinados os expedientes e a documentación achegada, procede rectificar a mencionadas titularidades no seguinte senso:

Expediente: 117 P.O.S. 2003 O Corgo-Baralla.- C.P. “Sobrado-Souto de Torres”. Ensanche e mellora do P.K. 0,000 ao 1,500 e do P.K. 1,500 ao 3,335.

Predio	Titularidade anterior	Nova titularidade
117	Beatriz Cordero Barroso	Miguel Cordero Souto e Yolanda Gómez Rodríguez

Expediente: 94 P.O.S. 2005 O Corgo-Castroverde “Sobrado-Souto de Torres”. Ensanche e mellora do P.K. 3,330 ao 4,800.

Predio	Titularidade anterior	Nova titularidade
21	Beatriz, Óscar, Mónica e Ángel Cordero Barroso; Beatriz, Miguel, Josefa e José Fernando Cordero Souto; Luisa Cordero García	Miguel Cordero Souto e Yolanda Gómez Rodríguez

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN SE PROCEDE DO ENCARGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO AO SEU MEDIO PROPIO PERSONIFICADO E SERVIZO TÉCNICO, EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), PARA A REALIZACIÓN DA OBRA DE “RECONSTRUCCIÓN DE**



**CUBERTAS E REFORZO ESTRUCTURAL DE EDIFICIOS E NAVES DA GRANXA GAYOSO CASTRO”. CASTRO RIBEIRAS DE LEA, CASTRO DE REI (LUGO).**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles, do seguinte teor:

“En data 22 de novembro de 2019 prodúcese na Granxa Gayoso Castro propiedade da Deputación Provincial de Lugo un fenómeno meteorolóxico adverso coñecido como tornado cuxos fortes ventos causaron múltiples consecuencias a nivel de danos nos *boxes* de xovencas, en distintas edificacións, así como o arranque de varias árbores da Granxa Gayoso Castro.

Comunícase o sinistro no mesmo día á empresa Artai Correduría de Seguros, intermediadora entre a Deputación Provincial de Lugo e a compañía aseguradora Helvetia, acudindo o Perito da compañía aseguradora Helvetia na Granxa Gayoso Castro ese mesmo día 22 de novembro de 2019 por la tarde para determinar os danos causados.

O Perito da aseguradora aprecia a necesidade de elaboración dun Proxecto técnico ao verse danadas unhas correas da estrutura de cuberta da nave almacén que son elementos estruturais da cuberta da mesma.

Una vez preguntado e solicitados orzamentos para a realización do Proxecto técnico por parte do Perito aproba o aportado por Monsa Urbanismo, S.L. procédese a realizar o Proxecto técnico de reparación dos danos causados polo tornado.

Monsa Urbanismo, S.L. elabora e entrega o Proxecto técnico “Reparación de danos causados por tornado en Granja Gayoso Castro”.

A compañía aseguradora Helvetia asume o custo da obra valorado no Proxecto técnico, a valor a novo, de reposición ou reconstrución dos bens mobles e inmobles danados ou afectados. O importe indicado no Proxecto, será o orzamento de licitación del contrato, ou orzamento de licitación correspondente ao lote pola execución material asumida pola compañía aseguradora.

A compañía aseguradora Helvetia coa que a Deputación de Lugo ten o seguro de danos realizou ingreso á conta Xeral da Deputación de Lugo por importe de 75.537,64 euros correspondente ao custo da obra a acometer nas edificacións resultado dos danos do tornado, cantidade que corresponde aos seguintes conceptos:

Valor estimado da obra (antes de impostos) segundo o Proxecto: 73.037,46 euros.

Taxas municipais por Licenza de Obra (ICIO): 1.841,28 euros.

Reparación das edificacións non contempladas no Proxecto: 808,90 euros.

Franquía estipulada no prego de prescricións técnicas do contrato: - 150 euros.

Na data 11 de decembro de 2020 obtense o Informe de supervisión favorable do Proxecto técnico “Reparación de danos causados por tornado en Granja Gayoso Castro” emitido polo Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos da Deputación de Lugo.

Por mor do anteriormente exposto propónse encomendar os traballos recollidos no Proxecto técnico que rexerá a obra de “Reconstrución de cubertas e reforzo estrutural de edificios e naves da Granxa Gayoso Castro”. Castro Ribeiras de Lea, Castro de Rei (Lugo), á Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), por resultar preciso por razóns de seguridade pública e de urxencia, posto que se trata reparacións estruturais na cuberta das instalacións, que precisan dunha reparación inminente, en aras de frear o deterioro que as inclemencias meteorolóxicas están provocando no interior dos edificios de oficinas e das naves agrogandeiras. As obras de reparación tamén son urxentes por razóns de seguridade pública respecto das persoas e vehículos que traballan e transitan pola Granxa, posto que os danos producidos nas cubertas tamén poden afectar á seguridade das persoas que desenvolven o seu traballo nas mesmas ao poder desprenderse partes das cubertas que están movidas ou pouco aseguradas como consecuencia deses danos do tornado ou de vento e do tempo transcorrido dende a produción do sinistro e a asunción por parte da empresa aseguradora do custe das obras precisas.

Segundo o recollido no punto 7 da disposición adicional vixésimo cuarta da LCSP e artigo 6 do Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico de TRAGSA e as súas filiais o importe das obras descritas no Proxecto técnico a realizar polo medio propio TRAGSA determinarase aplicando ás unidades executadas as tarifas correspondentes e, na



forma que regulamentariamente se determine, atendendo ao custo efectivo soportado polo medio propio para as actividades obxecto do encargo que se subcontraten con empresarios particulares. Ditas tarifas calcularanse de maneira que representen os custos reais de realización e a súa aplicación ás unidades producidas servirá de xustificante da inversión ou dos servizos realizados directamente polo medio propio.

Contrastado que consta no expediente a seguinte documentación:

Orzamento para a execución da obras que se axusta ás unidades a executar descritas no proxecto reitor do encargo e ás tarifas correspondentes na forma regulamentariamente determinada.

Certificación emitida por TRAGSA, na que se recolle que a empresa dispón da estrutura e medios suficiente para a realización do encargo e que de acordo co artigo 32.7.b da LCSP, o importe das prestacións parciais que o medio propio poida contratar con terceiros a efectos deste encargo non excederá do 25% da súa contía.

Informe da Intervención da Deputación Provincial de Lugo, relativo á existencia e adecuación de crédito axeitado e suficiente para a realización dos traballos obxecto do encargo.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o encargo á Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. dos traballos precisos para a Reconstrución de cubertas e reforzo estrutural de edificios e naves da Granxa Gayoso Castro”. Castro Ribeiras de Lea, Castro de Rei (Lugo), por importe 88.375,33 euros correspondentes a unha base imponible de 73.037,46 euros e a un IVE de 15.337,87 euros, cun prazo de execución de 2 meses, a contar dende a obtención dos permisos administrativos necesarios para a realización dos traballos.

**2º.-** Aprobar o Proxecto técnico denominado “Reparación de danos causados por tornado na Granxa Gayoso Castro”, reitor do encargo, no que se definen e determinan os traballos de reconstrución a realizar, tanto a nivel de necesidades como da lexislación e das características

técnicas das unidades de obra necesarias para levala a cabo. Os traballos realizaranse por TRAGSA axustándose ao descrito no proxecto técnico, e co máximo coidado e dilixencia respecto a os intereses da Deputación Provincial de Lugo, e o persoal de TRAGSA estará obrigado a gardar a debida confidencialidade respecto a os feitos, datos e informacións que coñeza no curso do encargo.

**3º.-** O pagamento do importe do encargo realizarase contra certificacións expedidas polo director da obra, de carácter mensual, que terán a consideración de abonos a conta, debendo tramitalas nos dez días seguintes ao período a que correspondan e remitir unha copia ao responsable do encargo (nomeado pola empresa TRAGSA) para os efectos de que este, no prazo de 10 días hábiles, manifeste a súa conformidade ou o seu reparo, debendo contar aquelas co visto bo do facultativo supervisor da obra designado pola Administración.

Xunto coa factura, TRAGSA deberá emitir á Deputación de Lugo un informe ou memoria do responsable do encargo por parte de TRAGSA, no que se describan os traballos realizados que son obxecto de facturación e con explicación pormenorizada de cada concepto a facturar, así como a xustificación do custo efectivo soportado polo medio propio para as actividades que se subcontraten, de ser o caso. A este encargo aplícaselle a doutrina de inversión do suxeito pasivo, en relación ao réxime do IVE, artigo 84 da Lei 37/1992.

**4º.-** O encargo dos servizos e traballos definidos a TRAGSA non implicará delegación ou renuncia de competencia algunha propia da Deputación Provincial de Lugo. Para a supervisión, control administrativo e seguimento dos traballos encomendados desígnase por parte da Deputación Provincial de Lugo ao Enxeñeiro Técnico Agrícola da Área de Recursos Sostibles, D. Jaime Caldeiro Pérez, e por parte de TRAGSA ao Enxeñeiro Técnico Agrícola, D. Manuel Masero Lorenzo, que poderán ser substituídos polo simple escrito da parte que lles designou.

**5º.-** O presente encargo poderá modificarse de maneira executiva pola Deputación Provincial de Lugo cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, nos termos legalmente previstos e sen prexuízo do resarcimento a TRAGSA dos compromisos que puidese adquirir para a súa correcta execución tal como estaba definida con anterioridade á súa modificación.





O presente encargo poderá finalizar anticipadamente por razóns de interese público, mediante resolución da Deputación Provincial de Lugo, sen prexuízo da continuidade daquelas actuacións que se atopasen en execución no momento da resolución, e da súa liquidación.

As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente encargo serán resoltas de forma executiva pola Deputación Provincial de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROGRAMA “SABOREA A TÚA PROVINCIA”.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Turismo.

Visto que existe consignación orzamentaria para desenvolver o programa “Saborea a túa provincia”.

Resultando que dende o inicio da pandemia da Covid 19, a Deputación de Lugo de conformidade co establecido no artigo 36 apartado d) da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local (LBRL), asume competencias en materia de cooperación e administración dos intereses peculiares no territorio provincial, sen prexuízo das competencias que neste ámbito correspondan ás demais Administracións Públicas.

Asemade, de acordo co establecido no artigo 6º apartado a) da Lei 7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia, as entidades locais de ámbito supramunicipal asumirán competencias no eido da promoción dos recursos turísticos e xeodestinos, segundo a definición

contemplada no artigo 23.1, que se determinen dentro do seu ámbito territorial, en coordinación con todos os entes locais afectados e a Administración autonómica.

No marco das competencias sinaladas, unido ao obxecto de dar cumprimento a Axenda 2030 da ONU, a Deputación de Lugo está a desenvolver unha xestión intelixente no tecido produtivo e social da provincia de Lugo, asentado en diversas políticas públicas e estratexias metodolóxicas que, algunhas, toman forma no Plan de Impulso da Economía da Provincia de Lugo (PIEPL).

O PIEPL nace como un instrumento para a loita contra a Covid-19, por iso recolle 10 medidas correctoras e de impulso para a nosa provincia e os seus intereses económicos, sociais, medioambientais e culturais. O programa Saborea a túa Provincia forma parte dese plan, concretando a liña que promociona e incentiva o consumo dos produtos de calidade e aposta polo *Know-how* lucense. Desta forma, ten por obxectivos prioritarios:

Contribuír á recuperación do sector -hostalería e turismo- facendo de barreira e paliando os efectos adversos provocados pola pandemia da Covid 19 dende marzo de 2020.

Favorecer a reconstrución do tecido empresarial da provincia, impulsando a creación e mantemento do emprego directo e indirecto.

Apoiar e dar visibilidade tanto aos diferentes destinos turísticos como a infraestrutura e servizos que os integran, estimulando os elementos que forman parte da cadea de valor do sector do turismo e da hostalería na provincia de Lugo.

Servir como instrumento de sensibilización das veciñas e veciños sobre o potencial turístico dos 67 concellos da provincia de Lugo e da importancia da preservación do seu legado natural e cultural como elemento que contribúe ao desenvolvemento sostible no eido económico, social e medioambiental.



Dar confianza aos visitantes de que o territorio e os seus recursos conforman un destino seguro, así como mostrar á poboación e empresarios de que a Administración favorece un marco limpo de Covid-19.

Con base no xa sinalado, a Deputación de Lugo -dende a Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo- pretende, pór en marcha o programa Saborea a túa Provincia que presentará as seguintes características fundamentais:

Nace como liña programática centrada no mundo da gastronomía lucense, entendendo o mundo culinario como a suma das peculiaridades naturais da nosa zona, os produtos e os coñecementos e técnicas (*Know how*) tanto do sector primario -agricultura, gandería e pesca- como do sector servizo -cociñeiros/chef-.

A execución do programa será durante o mes de agosto do ano 2021, sempre que as condicións sanitarias así o permitan.

O programa estará vertebrado por diversos contratos administrativos necesarios para a súa execución (coordinación, montaxe, contidos dos eventos, etc...) cun custe total estimado de 100.000 €.

Saborea é unha iniciativa de carácter itinerante pensada para abarcar todo a provincia a través de nove propostas gastronómicas nos que se vai a desenrolar o programa. A estrutura de cada un dos nove eventos, que se celebrarán no mes de agosto, será similar, presentando catro espazos coas súas actividades, a saber:

Concertos, Charlas e Conferencias.

Demostracións culinarias, *Show Cooking*.

Escaparate de promoción de produtos.

Degustación.

Os nove puntos territoriais que acollerán as propostas gastronómicas están pensados para que toda a provincia sítase representada, alternando zonas de costa e de interior, zonas onde priman os produtos lácteos ou legumes, con zonas onde as carnes ou os mariscos/pescados son a base da nosa alimentación; desta forma, a raíz da alimentación, imos xerando un atractivo cara ao turista e os veciños.

Con Saborea, a Deputación de Lugo, ve unha oportunidade de impulsar o Pacto Verde da Unión Europea e a súa estratexia Da Granxa a Mesa, xa que os produtos cos que se traballará son sostibles e representativos da nosa provincia. Como tamén cada proposta gastronómica constitúe unha divulgación de coñecemento do noso *Know-how* onde as técnicas e o saber dos chef ou dos artesáns que elaboran queixos, embutidos, viños e outros produtos.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o programa “Saborea a túa provincia”, tendo en conta as características indicadas, para executar durante o ano 2021.

2º.- Aprobar o gasto de 100.000 € para sufragar os gastos derivados da execución do programa “Saborea a túa provincia”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### **13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2020.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:



“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 20 de novembro de 2020, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 273, do venres 27 de novembro de 2020, para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2020.

Propoño

Que os beneficiarios relacionados a continuación, presentaron na Excma. Deputación Provincial de Lugo, a súa renuncia do citado concurso:

Categoría	Nome Entidade	Nome Actividade	Subvención
Organización de eventos 2020	Vilalba Fútbol Sala	Memorial Fútbol Sala “Francisco Javier González Vázquez	841,00 euros

Por todo o exposto procede aceptar de plano as mencionadas renuncias polos importes citados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **14.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

#### **15.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.